

A Coruña, 20 de Xullo de 2023

Con data 28/10/2022, convocouse a terceira edición dos Premios Cátedra EMALCSA-UDC, dirixidos a estudantes ou titulados de mestrado que presentasen o Traballo Fin de Máster (TFM), en titulacións da **Universidade da Coruña**, no curso académico 2021/2022.

Todos os traballos presentados foron validados e admitidos por cumprir as condicións da convocatoria.

O Xurado encargado de resolver a Convocatoria dos Premios Cátedra EMALCSA-UDC, estivo composto polos seguintes membros do comité Científico Técnico da Cátedra:

- Presidente: Moisés Canle López (UDC)
- Secretario: Ricardo Vázquez Pérez (EMALCSA)
- Vocal: Soledad Muniategui Lorenzo (UDC)
- Vocal: Ricardo Cao Abad (UDC)

Reunido o Xurado, e tras analizar polo miúdo os traballos presentados, quere facer constar:

- A gran calidade dos traballos presentados, que reflicten a interdisciplinabilidade do eido dos sistemas de auga urbana, pondo de manifesto a enorme amplitude que presenta o campo dende o punto de vista da investigación e desenvolvemento.
- A rigorosidade da labor desenvolvida polos diversos autores baixo a supervisión dos seus titores, aportando tanto traballos cunha grande calidade técnica e metodolóxica, así como orixinalidade na aproximación aos problemas.
- A importancia deste tipo de traballos académicos para achegar o entorno académico á Sociedade e mais en concreto o coñecemento e importancia dos diferentes eidos relacionados coa xestión da auga no contexto da área metropolitana, e para a vida das persoas en xeral.

Valorados todos os traballos presentados, o Xurado **resolveu por unanimidade** conceder os seguintes premios e áccesits:

- **Traballos de Fin de Máster:**

- **Premio:** *Cástor Eduardo Maduro Malpica.*

Polo seu traballo “Development and Field Testing of a Metal Membrane Passive Sampler for the Determination of Organic Contaminants in Surface and Wastewaters”, pola excelente análise que realiza dunha solución con potencial para a mostraxe pasiva de contaminantes orgánicos, con vistas á protección de masas de auga cara á súa dispoñibilidade para xeracións futuras.

- **Áccesit:** *Carlos Leira Castro.*

Polo seu traballo “Integración de sensores con distintas tecnoloxías de comunicación IoT para la maqueta Medusa”, pola excelente análise que realiza dunha solución con capacidade para simular situacións que se poidan dar na rede de distribución de EMALCSA, permitindo detectar potenciais problemas.

O Xurado quere trasladar as súas felicitacións a todos os participantes, moi especialmente aos premiados, e aos seus titores/as académicos, animándoos a continuar a traballar, dende os postos que ocupen e coas capacidades que teñan, por mellorar o entorno da auga.

En A Coruña, a 20 de Xullo de 2023.

Moisés Canle López
Presidente

Soledad Muniategui Lorenzo
Vogal

Ricardo Cao Abad
Vogal

Ricardo Vázquez Pérez
Secretario